



ANPE-GALICIA CONSEGUE QUE O GOBERNO GALEGO SE INVOLUCRE NA PROMULGACIÓN DUNHA LEI QUE RECOÑEZA A AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESOR

ANPE congratúlase que por fin o Goberno Galego vaia promulgar unha Lei de Autoridade en que se recoñece ao profesor o rango de autoridade pública.

O recoñecemento da autoridade pública do profesor na nosa comunidade é unha histórica aspiración de **ANPE** e do **DEFENSOR DO PROFESOR**, pioneiros e impulsores desta reivindicación en Galicia desde o ano 2006. O actual deterioro do clima nos centros escolares, consecuencia dun sistema educativo cuxas carencias foron reiteradamente denunciadas por **ANPE**, fai imprescindible esta medida.

ANPE valora moi positivamente esta iniciativa, beneficiosa para a sociedade, a educación e o profesorado galego.

A Lei proposta responde a unha reivindicación histórica de **ANPE-GALICIA**, que deseñou no ano 2006 unha estratexia sindical de fondo calado contra a violencia e para mellorar a convivencia nos centros, posta en marcha mediante numerosas iniciativas e actuacións.

O 28 de marzo de 2006 **ANPE-GALICIA** presenta as súas propostas de modificación da normativa de convivencia nos centros docentes non universitarios de Galicia.

A finais de abril de 2006ponse en marcha o servizo do “Defensor do Profesor ”para toda a comunidade galega, a disposición de todos os docentes que necesitan axuda, apoio e orientación ante calquera acoso na aula.



O 20 de maio de 2006 **ANPE-GALICIA** presenta a súa proposta ao Plan Integral para Mellorar a Convivencia Escolar en Galicia, presentado pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

En novembro de 2006 **ANPE-GALICIA** solicita ao Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que se persigan "con consideración de atentado á autoridade todos aqueles casos de agresións ao profesorado no desempeño da súa función docente" e obtendo **RESPOSTA FAVORABLE** da Fiscalía Xeral de Galicia dirixida ao Presidente de **ANPE-GALICIA** con data 5 de decembro de 2006.

O 31 de xaneiro de 2007 sinatura do **ACORDO INTERINSTITUCIONAL PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN INTEGRAL PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR.**

No curso 2008/2009 **ANPE** desenvolve unha intensa campaña a nivel nacional e autonómico de reivindicación de **AUTORIDADE PÚBLICA** do profesorado.

O 2 de outubro de 2009 **ANPE-GALICIA** solicita á Administración Educativa Galega a posta en marcha dun servizo de asistencia xurídica para o profesorado e un seguro de defensa.

En Abril de 2010 **ANPE-GALICIA** presenta unha proposta ao Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a modificación da actual normativa de convivencia nos centros docentes non universitarios galegos.

ANPE-GALICIA considera que a futura Lei debe ser un texto legal como antecedente dun novo modelo educativo que propicie un clima de orde, respecto e disciplina nos centros, para o pleno exercicio do dereito a unha



educación de calidade.

A nova norma debe dar ao profesorado unha protección especial no exercicio da súa función. Así mesmo, considerará imprescindible a substitución do actual modelo educativo por outro que priorice os coñecementos e o esforzo, para garantir a igualdade de oportunidades dos alumnos.

ANPE - GALICIA aposta por un conxunto de medidas global, que debe incluír: **formación específica, campañas de prestixio do noso labor docente, colaboración coas familias, establecemento de normas e protocolos e a modificación profunda dunha normativa que quedou obsoleta e non responde á realidade social en que vivimos.**

Secretaría de Comunicación

Santiago, 30 de abril de 2010.